

PROCEDIMENTO PARA A ACTUALIZACION E XESTIÓN DO CATALOGO DE INVESTIGADORES E GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

INTRODUCCIÓN

A Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela aprobou na súa sesión do 21 de novembro de 1997 os **“criterios para figurar na catalogo de grupos de investigación e liñas de investigación”**. En aplicación destes criterios constituíronse na USC preto de setecentos grupos. A situación actual do Catalogo, está distorsionada dificultando a súa utilidade e aplicación axeitada ás necesidades actuais de organización e xestión da investigación na USC.

A aprobación da Lei Orgánica de Universidades que establece no artigo 40.2 **“que a investigación , sen prexuízo da libre creación e organización polas Universidades das estruturas que, para o seu desenvolvemento, as mesmas determinen e da libre investigación individual levarase a cabo, principalmente en grupos de investigación, departamentos e institutos universitarios de investigación”** .Nesta liña os Estatutos da USC plasman no seu artigo 142.1 **“que sen prexuízo da libre investigación individual, a investigación realizárase en grupos de investigación, recoñecidos pola universidade, departamentos e institutos universitarios de investigación, así como noutros centros ou estruturas que se constitúan con esta finalidade”**, fai necesaria a adaptación das normas existentes a esta nova regulación.

Por outra banda o plan estratéxico da Universidade establece como un dos seus obxectivos o de promover e dinamizar a aparición de grupos de investigación no conxunto das áreas científicas, favorecendo o crecemento e consolidación de grupos competitivos.

De acordo co anterior, o Consello de Goberno, na súa sesión do 22 de xullo de 2004, e a proposta do Vicerreitorado de Investigación e Innovación aprobou os **[Criterios para a Redefinición do Catálogo de Investigadores e Grupos de Investigación](#)**, polo que **procede establecer as instrucións e prazos correspondentes para actualiza-lo catalogo de grupos de acordo a ditos criterios**

1.- Rexistro e Catalogación dos grupos de investigación

1.1.- O procesos de actualización e rexistro de Grupos e Investigadores no novo catalogo efectuarase entre o **8 de novembro e o 23 de decembro** de acordo as seguintes pautas:

- Os actuais directores dos grupos de investigación rexistrados no catálogo actual, validarán, adecuarán ou de se-lo caso darán de baixa o seu grupo de investigación a través da ferramenta de **OIT-Virtual** operativa na web do Vicerreitorado de Investigación e

Innovación, solicitando ó alta do grupo que se configura de acordo ao establecido nestas instrucións. Para ilo, unha vez cumprimentada a ficha correspondente, e coa excepción dos *Grupos dados de baixa*, deberán imprimila e asinala por tódolos membros, procedendo a súa remisión á Unidade de Xestión da Produción Científica e Tecnolóxica da OIT

- A efectos de novos grupos, a ferramenta dispoñible na **OIT Virtual** permitirá ó rexistro a través dun formulario *ad hoc*, ou a súa validación a partires da modificación da ficha dun grupo xa registrado no que algún dos investigadores asociados figurase como Director do mesmo.

A OIT verificará o cumprimento dos criterios de composición dos grupos de investigación rexistrados, trasladando a solicitude á Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno para proceder, de ser o caso, á súa aprobación. Feita a revisión desta primeira catalogación as seguintes realizaranse, como mínimo, cada tres anos

- 1.2.- Rematado o proceso de actualización, a OIT procederá a dar de baixa todos os grupos rexistrados no catálogo actual que non foran actualizados ou validados, abrindo un novo prazo para o rexistro e incorporación ao catálogo dos **profesores con actividade investigadora que por diversas razóns non constitúan un Grupo de investigación** de acordo aos criterios anteriormente establecidos.

II.- CONCEPTO E COMPOSICIÓN DOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

A proposta de actualización e constitución de Grupos a incluír no novo catálogo, deberá adaptarse oas seguintes criterios, de acordo coa resolución de Consello de Goberno de 22 de xullo:

1.-Concepto de grupo de investigación

Aos efectos deste catálogo un grupo de investigación é **unha unidade básica de organización e xestión da actividade investigadora onde, por razóns de coincidencia estable nos seus obxectivos, infraestructuras e recursos compartidos, converxen un conxunto de investigadores con capacidade plena para o desenvolvemento da actividade investigadora**. Na súa estrutura organizativa os grupos defínense polas condicións que deben cumprir en canto á súa composición mínima e criterios de calidade que deben reunir.

2.-Composición dos grupos de investigación

2.1.- Os grupos de investigación deberán estar constituídos por un mínimo de tres investigadores principais que deberán ser profesores doutores vinculados estatutaria ou contractualmente coa Universidade de Santiago de Compostela, e que conxuntamente cumpran alomenos dous dos criterios de calidade que a seguir se indican:

- Un índice de produción científica equivalente a 50 puntos do coeficiente de reparto da axuda á investigación (CRAI) acumulados nos últimos tres anos. Entendéndose por índice de produción científica a suma das puntuacións dos membros do grupo derivadas da valoración dos diferentes *ítems* presentados na produción científica.
- Financiamento continuado durante os últimos catros anos proveniente ben de proxectos de investigación acadados en convocatorias públicas ou de alomenos de dous contratos/convenios de I+D. O financiamento durante eses catro anos deberá ser igual ou superior a 12.000 euros.
- Dous sexenios de investigación.

2.2.- Para os ámbitos e campos científicos nos que a actividade e competencia acreditada non sexa esencialmente dependente do tamaño do grupo ou do seu autofinanciamento, e con carácter excepcional, o grupo poderá estar integrado por un ou dous investigadores principais.

Nesta circunstancia, o grupo de investigación poderá estar integrado por un ou dous profesores doutores vinculados estatutaria ou contractualmente coa Universidade de Santiago de Compostela, cando acredite/n

- Ter dirixido unha tese de doutoramento nos cinco anos anteriores e, alomenos, acredite outra en fase de realización.
- E, reúna unha das tres condicións seguintes:
 - Financiamento competitivo continuado durante os últimos cinco anos proveniente ben de proxectos de investigación acadados en convocatorias públicas. Alomenos deberá ter acadado, como investigador principal, un proxecto de ámbito internacional ou nacional.
 - Dous sexenios de investigación
 - Un índice de produción científica equivalente a 40 puntos do CRAI acumulados nos últimos tres anos.

Meritos que deberán ser consecuencia de produción científica ou actividade na que, con carácter xeral e continuado, os únicos investigadores responsables con vinculación estatutaria ou contractual coa Universidade de Santiago de Compostela sexan os propios membros do grupo

3.- Membros do grupo de investigación

3.1.- Terán a consideración de “*membros do grupo de investigación*” todos os profesores doutores vinculados estatutaria ou contractualmente coa Universidade de Santiago de Compostela, así como os doutores contratados pola Universidade de Santiago de Compostela no marco de programas que habiliten a súa condición de investigadores (*Programa Ramón y Caja,; Programa Parga Pondal etc..*)

3.2.- Acada a composición mínima, aos grupos poderán incorporarse profesores vinculados contractual ou estatutariamente coa Universidade de Santiago de Compostela que non acadasen o título de doutor que terán, así mesmo, a consideración de **“membros do grupo de investigación”**.

3.3.- Ademais, unha vez establecidos os membros de grupo, ao mesmo poderán incorporarse baixo a consideración de **“outros membros do grupo de investigación”**, investigadores en formación, segundo a definición que destes fan os Estatutos da universidade.

3.4.- Calquera outro investigador que, sen pertencer á plantilla da USC, colaboren de forma habitual e fehaciente nas actividades e produción do Grupo, poderá ser incorporado baixo o epígrafe de **Investigador Colaborador**.

4.- Investigadores non vencellados a Grupos

Todo o persoal docente-investigador (PDI) vinculados estatutaria ou contractualmente coa Universidade, con actividade investigadora na última produción científica rexistrada, e que non formen parte dun grupo de investigación, estará incluído neste catálogo baixo a condición de **“investigadores”**.

II.- CRITERIOS ORGANIZATIVOS E DE XESTIÓN

5.- Adscrición do grupo de investigación

Os grupos de investigación deberán establecer a súa adscrición formal a un Departamento. En casos excepcionais de grupos transdepartamentais, e previa solicitude e autorización da Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno, poderá establecerse a adscrición conxunta a mais dun Departamento, sempre e cando se trate de investigadores principais pertencentes a distintos departamentos que acrediten actividade investigadora conxunta con carácter continuado ou xustifiquen axeitadamente o desenvolvemento futuro da mesma.

6.- Pertenza a grupos de investigación

Un investigador unicamente poderá pertencer a un grupo de investigación. Ademais, aos efectos deste catálogo, será incompatible a pertenza a un grupo de investigación e a condición de investigador individual.

7.- Coordinador do grupo de investigación

De entre os investigadores principais o grupo de investigación deberá designar un coordinador, que actuará de interlocutor para os efectos de xestión co Vicerreitorado de Investigación e Innovación, non sendo necesario definir un Investigador responsable como director do grupo. Cada Investigador Principal poderá ser unicamente responsable da súa liña de investigación, actividade ou proxectos de investigación que, baixo a súa dirección, se vinculen ao grupo.

8.- Catalogación dos grupos de investigación

O proceso de catalogación dos grupos de investigación levarase a cabo utilizando os medios telemáticos que se poñerán a disposición dos investigadores na páxina WEB da Oficina de Investigación e Tecnoloxía. A OIT verificará o cumprimento dos criterios de composición dos grupos de investigación rexistrados, trasladando a solicitude á Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno para proceder, de ser o caso, á súa aprobación. Feita a revisión desta primeira catalogación as seguintes realizaranse, como mínimo, cada tres anos.

III.- REGULAMENTO PARA O FUNCIONAMENTO E XESTIÓN DE GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

De acordo cos criterios aprobados polo Consello de Goberno, na súa sesión do 22 de xullo de 2004, unha vez concluído o proceso de actualización do Catálogo, o Vicerreitorado de Investigación e Innovación elaborará un **Regulamento de funcionamento de Grupos de Investigación** para a súa aprobación polo Consello de Goberno.